


TEMAS INICIAIS.- A CIVILIZACIÓN GREGA E ROMANA

Introdución

Os romanos desenvolveron **unha brillante civilización** que durou desde o ano **753 a C ata o 476 d C**. Tan longo período de tempo divídese en **tres etapas políticas**:

- **Monarquía (753 a C ao 509 a C)**
- **República (509 a C a 27 a C)**
- **Imperio (27a C ata o 476 d C)**



Orixe

No século VIII a C na **península itálica** vivían os **etruscos** no norte, os **latinos** no centro e os **gregos** no sur. Os **latinos** crearon varios poboados sobre outeiros, arredor do río Tiber que logo darán lugar a Roma

Que importancia ten isto? Os latinos, que co tempo se denominarán romanos, recibirán influencias tanto dos etruscos como dos gregos, así que a civilización romana ten parte destes pobos tamén (é unha fusión). Ao principio os romanos vivían da agricultura e da gandería pero a situación de Roma no medio da península fixo que fora un lugar de intensa actividade comercial entre os distintos pobos o que lle axudou a medrar

Onde está a importancia dos romanos (latinos) ? En que foron capaces, naquel momento, de conquistar todo o que se puña por diante e, desde o centro de Italia, saíron e foron conquistando practicamente toda Europa. E conquistar non significa tan só dominar, senón que levaron a súa cultura e a súa forma de entender a vida por Europa adiante. **Romanizaron Europa e tamén algo de África e de Asia.**

Como foron capaces de facer isto? Grazas ao seu **xeito de organización** e á súa **forza militar** (tiñan poderoso exército)

ETAPA DA MONARQUÍA

É a etapa inicial na que gobernaron varios monarcas. Roma foi pasando de ser una aldea a cidade

ETAPA DA REPÚBLICA

Agora os romanos non son dominados por un rei. Nela **o poder téñeno tres organismos**:

- ✓ **O Senado, os maxistrados e os comicios**

- Senado estaba formado por 300 membros das familias ricas. Decidían sobre a guerra e a paz e **lexislaban**.
- Os maxistrados eran persoas escollidas que se encargaban **de dirixir a política**. De todos estes maxistrados, os máis importantes eran os **cónsules (2)** xa que se encargaban do goberno e do exército.
- Os comicios eran **asambleas populares** nas que se votaban as leis entre outras cousas.

Como ves, na República o poder estaba **repartido** e non gobernaba unha soa persoa como ocorría nas monarquías. Se ben, hai que dicir, que uns tiñan **dereitos políticos (patricios)** e **outros non (plebeios)** e tiveron que iles conseguindo.

Esta etapa foi unha das máis importantes porque os romanos **conquistaron moitos territorios** e neles obtiñan moitos produtos e riquezas.


ETAPA DO IMPERIO

A terceira etapa é a do **Imperio**. Arredor do século I a C. as cousas comezaron a ir mal e houbo guerras civís ata que no ano 48 a C. un militar chamado Xulio César foi proclamado ditador perpetuo. Partidarios da República vano asasinar no ano 44 a. C. Cando morreu, o seu sobriño, chamado **Octavio, no ano 27 a C, quedouse co poder e é proclamado¹ emperador**: era xefe supremo do exército, xefe relixioso, dirixe o Senado....

Esta é **unha época esplendorosa**. Houbo moitos emperadores importantes que sucederon ao primeiro, como Traxano, Marco Aurelio, Nerón... e houbo moita **prosperidade² económica**. Durante o imperio foi o momento de **máxima extensión** da civilización romana

Etapa final: Que pasou coa civilización romana? Pois que a partir do século III comezouse a **vivir unha crise** por varias razóns:

1. **Non tiñan exército suficiente** para defender as fronteiras dos ataques inimigos (os xermánicos)
2. **Non había emperadores con autoridade** e eran depostos ou asasinados
3. **Non había comercio** porque eran tempos moi inseguros
4. **Había enormes gastos**



¹ Proclamado: nomeado

² prosperidade: estado económico favorable